BASES ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS VERÁN 2024

1.**Prazo de presentación de solicitudes**: do 6 ao 10 de maio de 2024

2**. Calendario e formas de presentación de solicitudes**: Poden elixir unha das seguintes opcións, preferentemente vía e-mail e formulario on line, nas que se enviará confirmación da solicitude vía e-mail.
• Vía E-mail: dende as 00.00 h do día 6 de maio ata as 14.00 h do día 10 de maio no correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal
• Vía formulario on line: dende as 00.00 h do día 6 de maio ata as 14.00 h do día 10 de maio na páxina web bergondo.gal.
• Vía telemática a través da sede electrónica municipal dende as 00.00 h do día 6 de maio ata as 14.00 h do día 10 de maio.
• Vía presencial: de 9.30 a 14.00 h na Casa de Cultura dende o día 6 ao 10 de maio.

3. Nos campamentos de conciliación o horario das actividades con todo o grupo será de 9.00 a 14.00 horas, pero hai un horario ampliado para poder conciliar que será de 8.00 a 15.00 horas, polo que, as persoas que necesiten un horario máis amplo das actividades en grupo poden deixar ós/ás nenos/as dende as 8.00 e recollelos ata as 15.00 horas.

4. Os/as nenos/as qeu se acheguen ás 8.00 horas terán dereito a almorzo, sempre con solicitude previa, sendo un máximo de 15 prazas. Si hay máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público o día 20 de maio de 2024 ás 10.00 horas.

5. **Preferencia de participación.**
Nas actividades culturais, deportivas e educativas organizadas para este verán 2024, terán preferencia:
Primeiro: persoas empadroadas no Concello de Bergondo.
Segundo: persoas que poidan demostrar convivencia con persoas empadroadas neste concello ou que pasen as vacacións en verán no Concello de Bergondo na súa segunda residencia sita Concello de Bergondo. Nestes casos deberán realizar unha declaración responsable desta situación, a cal poderá ser comprobada dende o Concello de Bergondo.

6.**Listaxes provisionais**. Serán publicadas o día 14 de maio na páxina web do concello e na Casa de Cultura.

7. **Prazo de reclamación** ás listaxes provisionais será os días 15 e 16 de maio.

8. **Sorteo público**. Se hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 20 de maio, ás 10.00 h.

9. **Listaxes definitivas**. Serán publicadas o día 21 de maio na Casa de Cultura e na páxina web do concello (bergondo.gal).

Publicaranse as listaxes definitivas das actividades que saen e a listaxe das actividades que non saen, por non acadar un mínimo de solicitudes.

10. **Prazo de inscricións e pago das actividades**: do 27 ao 29 de maio. Excepto o pago dos solicitantes da actividade de conciliación para o curso escolar 2024-2025. Se rematado este prazo, as persoas admitidas por sorteo non realizan o ingreso da actividade, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva.

11. **Material**. Nas actividades que se relacionan a continuación deberán levar o seguinte material:
- Campamentos de conciliación: unha mochila con gorra, protección solar, botella de auga e o taco para media mañá.
- Taichí, ioga e pilates: esterilla.
- Actividades náuticas: toalla, chancletas, traxe de baño, gorra, camiseta térmica de auga, protección solar, botella de auga e merenda.

BASES ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS VERÁN 2024

12.**Reducións de cotas**
a) 50% para familias numerosas
b) 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.
c) 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.
d) 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten.
Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do SEPE, cuxa data coincida co período de preinscrición.
Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

13. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, de facer reagrupamentos, etc que se consideren necesarias; ou anular algunha actividade, por motivos organizativos.

14. As persoas ou representantes que participan ou realizan as solicitudes nas actividades culturais, deportivas e educativas Verán 2024:
• Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
• Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que o/a incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
• Autorizan a ceder os datos persoais da solicitude á empresa que impartirá as actividades.
•Autorizan a utilizar as fotos e audios tomados nas actividades para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos, etc.
• De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento do departamento de CULTURA, DEPORTES E EDUCACIÓN á cal vaia dirixida a presente solicitude e cuxa finalidade é a xestión da convocatoria pública de subvencións municipais a deportistas individuais do Concello de Bergondo. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de protección de datos e para completar co fin para o que estes datos foron recabados. Non serán obxecto de transferencias internacionais. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXPD: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos” conferidos a este concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas, debidamente acreditadas, poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Bergondo, con CIF P1500800F, e dirección en Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@bergondo.gal ou consultando a política de privacidade na páxina web do concello http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/.